



URXE PÓR FREO Á DESTRUCCIÓN DE EMPREGO

As mobilización realizadas na Xunta de Accionistas de Telefónica tiveron un amplo eco nos medios de comunicación, que puideron constatar a outra realidade existente na empresa, que é a destrución e precarización do emprego e das condicións laborais que nela se están a producir. Nada diso sucedería se os traballadores/as e os sindicatos que estamos con el@s, e que alí nos concentramos, dentro da Xunta e fóra dela, non convocásemos mobilizacións e nos puxeramos á cabeza delas.

Calquera puido ver por un lado a dous sindicatos, CCOO e UGT, facéndose fotos cos especuladores, apoiando a súa política de precarizar o emprego, vendendo conquistas laborais e axudando á destrución da empresa; **e por outro aos traballadores e traballadoras e aos sindicatos que subscribimos este comunicado**, entre outros, **defendendo o emprego fixo**, a estrutura da empresa en todas as provincias, así como as condicións dignas de traballo de cada categoría laboral en cada unha das residencias laborais, atacando o E.R.E. e as propostas e manobras mesquiñas da empresa. Unha das nosas reivindicacións foi a esixencia de dimisión do presidente, na que coincidimos cos pequenos e medianos accionistas.

As convocatorias de paro realizadas polos Comités de Madrid o 30 de abril e o de Barcelona o 7 de maio, foron un primeiro paso moi importante para continuar no camiño da mobilización e a loita de todo o persoal, que nos permita asegurar o noso futuro en Telefónica de España, S.A.U. fronte á ofensiva especuladora de liquidar todos e cada un dos postos de traballo e as súas condicións que hoxe existen na empresa.

Somos conscientes de que temos que incorporar a máis traballadores á loita, á vez que pedimos a estes que non queden a durmir, resignados, indolentes ou na dúbida e que se incorporen canto antes á mobilización. **Non hai outra saída**. Os socios da empresa fálannos de negociación responsábel pero, ese vodevil oculta a imposición da empresa e a claudicación indecente e clientelista do Vertical. **O Expediente é un grave problema que afecta a todos os traballadores da empresa e esiximos a súa paralización inmediata**.

A segregación de actividade: Planta Externa, Servizo Posvenda, OSI, Comercial, etc, vai reducindo e minando a capacidade de intervención do persoal, **precarizando todo o que se contrata e subcontrata**.

Proxectos como o de T-Empresas, planificados para dar un golpe ao 20% a recadación de T.E.S.A.U. para levala a unha empresa funcional, significa unha manobra escandalosa e espoliadora que hai que deter.

A redución de persoal está a levar en moitas provincias e cidades importantes a unha incerteza máis que seria sobre a permanencia da empresa nelas, correndo paralelamente un risco na calidade do servizo e na continuidade do persoal nesas residencias.

As condicións de traballo deterioráanse: saídas en solitario, ampliacións de funcións, de horarios (dispoñibilidades, prolongacións, etc.), no caso dos Operadores (auxiliares, técnicos, ofimáticos, etc.) nunha transgresión clara da Normativa Laboral e con claras intencións de estendelo ao resto de categorías.

A presión psicolóxica, con todas as ramificacións conseguíntes está amparada e fomentada pola propia estrutura empresarial co fin de que os traballadores rompamos o contrato laboral, estase a dar en todas as esferas, categorías, localidades e ámbitos de traballo.

As organizacións que subscribimos este comunicado estamos convencidas de que as mobilizacións son altamente necesarias e rendíbeis, pois, a planificación medímola a curto, medio e longo prazo e na coordinación destas estamos dispostas a traballar para amplialas e proseguilas con todas aquelas organizacións decididas a loitar, con e polos traballadores e traballadoras.

Neste sentido, no mes de xuño imos continuar nesta liña, con asembleas, accións coordinadas, recollida de sinaturas, que expresen e aglutinen as nosas reivindicacións, para trasladar á dirección da empresa estas esixencias do persoal e a defensa da calidade dun servizo universal, para tamén levar estas mesmas reclamacións ás Institucións e ao Goberno para que coñezan a nosa posición ante o desmantelamento sostido da nosa empresa.

Todo isto non será posíbel levalo a cabo se non é coa participación máxima e decidida de todo o persoal, como primeiros afectados pola táctica especuladora dos prebostes do Consello de Administración.

Despois desta etapa abriremos outra, para continuar as mobilizacións que iniciamos na Xunta de Accionistas, para defender os nosos postos de traballo e mellorar as nosas condicións laborais.

**Todos unidos na loita. Avanzaremos.
Xuntos podemos. Xuntos conseguiremolo.**

Burgos, 18 de maio de 2004

